

### MARÍA BELÉN OUTEIRIÑO RODRÍGUEZ



Nacida en Ourense en 1953 no seo dunha familia que é todo un referente na vida empresarial, e social da provincia a través do xornal *La Región*. Foi a máis pequena dos catro fillos do matrimonio formado por Alejandro Outeiriño e Rocío Rodríguez, e na cidade das Burgas descorre a súa infancia e xuventude.

Chega a Valdeorras a mediados da década dos setenta do pasado século e escolle o concello de Petín como lugar de residencia. O seu carácter extravertido e afable favoreceu unha rápida integración na vila, sendo en pouco tempo unha veciña apreciada e querida polos petineses.

As súas inquedanzas persoais e políticas lévana a dar un paso adiante e participar na política local e así, nas primeiras eleccións municipais da democracia celebradas en abril de 1979 preséntase como número dous na candidatura da UCD polo concello de Petín. Tras a vitoria electoral do seu partido desempeña o cargo de primeira tenente de alcalde ao tempo que preside a Concellería de Cultura á que dá un novo impulso dinamizador.

Ao dimitir o alcalde Casiano Rodicio Quevedo en febreiro de 1980, con tan so vinte e sete anos, convértese na primeira muller alcaldesa da bisbarra sendo tamén a máis nova das seis que había por aquel entón na provincia, e probablemente de toda Galicia.

Desempeñou o seu cargo o resto de lexislatura realizando unha boa xestión municipal. Despois da chegada do PSOE ao goberno no 1982 deixa o concello, pero non perde interese pola actividade política, sendo candidata ao Senado polo CDS nas eleccións xerais de 1986. Na actualidade reside en Ourense, pero mantendo lazos con Valdeorras a que visita con frecuencia.

Fontes Consultadas:

Diario *La Región*



## AS NOSAS PIONEIRAS

---

[http://www.femp.es/sites/default/files/multimedia/listado\\_definitivo\\_de\\_alcaldesas\\_electas\\_en\\_1979.pdf](http://www.femp.es/sites/default/files/multimedia/listado_definitivo_de_alcaldesas_electas_en_1979.pdf)

<http://nocorazondaantela.blogspot.com/2019/08/memoriarural-1980-incorporacion-da.html>

[http://www.juntaelectoralcentral.es/cs/jec/documentos/GENERALES\\_1986\\_Candidaturas.pdf](http://www.juntaelectoralcentral.es/cs/jec/documentos/GENERALES_1986_Candidaturas.pdf)